

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornada sobre marcas de garantía e denominacións de orixe

**GRUPO:** Servizo EIP EGAP

**ÁREA:** Outros

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	7
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2016
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 13/04/2016 - 00:00h ao 29/04/2016 - 11:00h

**RESPONSABLE:** PORTELA SILVA, MARIA LUCIA [lucia.portela.silva@xunta.es]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRIPCIÓN CURSO

Esta Xornada permitirá aos asistentes ter os coñecementos xurídicos esenciais sobre marcas de garantía. Estas marcas non indican a orixe empresarial dun produto, senón que garanten uns determinados estándares de calidade ou características do produto. En atención a que a reforma do Regulamento sobre a Marca da Unión Europea de 2009, recoñeceu as Marcas de Certificación da Unión, calquera asociación ten a posibilidade de rexistrar unha marca de certificación con efectos nos vinte e oito países que forman a Unión Europea.

Polo demais, a Xornada tamén proporcionará un maior coñecemento da regulación das denominacións de orixe no marco de toda a Unión Europea.

Finalmente, a Xornada analizará cales son as accións que protexen aos titulares de marca de garantía e aos organismos titulares de denominacións de orixe, para perseguir as infraccións das mesmas. Así, se poñen os remedios xurídicos necesarios para evitar os prexuízos que estas infraccións causan aos citados titulares e aos consumidores.

### DESTINATARIOS

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- O concepto de marca: diferenzas coa denominación de orixe.
- A actividade da OMPI en materia de marcas de garantía e denominacións de orixe.
- A marca de certificación da Unión.
- A marca de garantía en España.
- A marca de garantía. Galicia Calidade.
- A regulación das denominacións de orixe da UE.
- A protección xurídica das marcas de garantía e as denominacións de orixe.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas limitado pola capacidade do local.

### 3. DATOS EDICIÓN

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 02/05/2016 a 02/05/2016

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

CARLOS LEMA DEVESA

JOSÉ ANTONIO GÓMEZ SEGADE

MANUEL JOSE BOTANA AGRA

MIGUEL ANGEL CADENAS SOBREIRA

Julio Costas Comesaña

JOSE JAVIER DE MIGUEL GONZALEZ

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña)  
SALON DE ACTOS: O día 02 de maio de 10:00 a 14:30. O día 02 de maio de 17:00 a 19:30.